


## REDE DE PARQUES NATURAIS DE GALICIA

### Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán


#### RUTA 1 Camiño do Vento



**Inicio:** Punto de Información de Olveira

Este itinerario amosa unha das zonas máis significativas do Parque Natural: os Campos de Olveira e a gran duna móbil. É accesible para persoas con discapacidade.


#### RUTA 2 Camiño do Río do Mar



**Inicio:** Punto de Información de Olveira

Este itinerario permite descubrir varias das pegadas do ser humano, pero tamén importantes hábitats do Parque Natural, como a marisma e a chaira intermareal.


#### RUTA 3 Camiño da Praia



**Inicio/Fin:** Centro de Recepción de Visitantes Casa da Costa

Este percorrido que discorre polo contorno do Centro de Visitantes e as pasarelas que o bordean. Permite coñecer algúns dos valores naturais do Parque Natural, moitos deles moi vinculados ao mundo do mar. Entre os valores patrimoniais destaca o túmulo de Pipín, a mostra máis antiga da presenza humana no espazo natural.


#### RUTA 4 Camiño da Gandarela



**Inicio/Fin:** Centro de Recepción de Visitantes Casa da Costa

O Camiño da Gandarela permite descubrir o importante papel do mar na orixe e evolución do Parque Natural e a súa influencia na vida da marisma e da lagoa de Carregal (salobre). Ata este punto chega o itinerario para regresar polos nosos pasos e tomar un desvío que nos conducirá de volta ao punto de inicio por zonas de cultivos, bosque autóctono e piñeiral.

#### RUTA 5 Camiño da Áuga



**Inicio/Fin:** Aparcadoiro do Vilar

Esta ruta descúbrenos a vida da lagoa de Vixán (auga doce). Parte do aparcadoiro do Vilar para achegarse á lagoa a través do Campo de Amendo, punto desde o que volta ao lugar de inicio. A ruta ten dous desvíos que conducen ao castro de Porto de Baixo e a un conxunto de muíños de río.


### Fauna e flora:



Sapo de esporóns  
*Pelobates cultripipes*



Pillara das dunas  
*Charadrius alexandrinus*



Cola de anduriña  
*Papilio machaon*
































Cardo da ribeira  
*Erygium maritimum*


### A ter en conta:

URXENCIAS	SEPRONA	INCENDIOS
112	062	085


- Deixa o vehículo nos aparcadoiros habilitados.
- Usa o vehículo só nas estradas/camiños habilitados e modera a velocidade cando circules polo interior do Parque.
- Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.
- Non molestes á fauna, non fagas ruído.
- Infórmate dos permisos necesarios para acceder ao Parque ou para facer calquera ruta.
- Antes de facer unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir.
- Planifica con detalle a túa visita, sobre todo se vas en grupo, e equipate convenientemente.
- Organízanse visitas guiadas e interpretadas gratuítas; chama antes Tel. 981 878 532.
- Leva o móbil sempre coa batería cargada.
- Camiña polos sendeiros habilitados.
- Respecta a sinalización.
- Precaución coas enchentes dos cursos de auga.
- Precaución ao pisar pedras e troncos cando están mollados xa que son moi escorregadizos.
- Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.
- Fai un uso responsable do lixo; se non hai colectores, lévao contigo ata que atopas un.
- Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.
- Respecta as propiedades privadas.
- Usa as áreas recreativas.
- Prohibido prender lume.
- Excepto casos concretos, está prohibida a caza e a pesca. Consulta a normativa de cada Parque Natural.
- Avisa ao persoal do Parque ante calquera incidencia. (Tel. 981 878 532)
- Centro de Recepción de visitantes Casa da Costa.  
Lugar do Vilar, Carreira. 15960 Ribeira. (Tel. 981 878 532)



-  Centro de visitantes
-  Panel informativo
-  Aparcadoiro
-  Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia
-  Área recreativa
-  Cafetería/restaurante
-  Fonte
-  Praia
-  Miradoiro
-  Observatorio ornitolóxico
-  Patrimonio arqueolóxico e etnográfico
-  Muíño
-  Augas mariñas
-  Lagoas e augas estancadas
-  Marismas e medios higrófilos
-  Praia
-  Duna móbil
-  Dunas fixas
-  Ríos e regatos
-  Cantís litorais e rochas
-  Matogueiras
-  Bosques húmidos
-  Medio rural
-  Pasarelas
-  1 Camiño do vento
-  2 Camiño do Río do mar
-  3 Camiño da praia
-  4 Camiño da Gandarela
-  5 Camiño da auga



0 m 500 m 1.000 m



# PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN